



Achega

Letras Galegas, 2025. O Cancioneiro Popular Galego

Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero¹

Queridiña, dóenche os ollos?
Tamén che me doen os meus!
Ímolos lavar ao río,
onde a troita lava os seus!

1.- Introducción

Acordaron, por fin, este ano celebrar as Nosas Letras da man da Cultura Tradicional. O Cancioneiro Popular Galego, o xeral, quero entender, sen particularismos, feito por tanta ansia compiladora da man de tanta xente e desde sempre. Agora significase nas cantadeiras Adolfinia e Rosa Casás Rama, Eva Castiñeira, Prudencia e Asunción Garrido Ameijende e mais Manuela Lema Villar, portadoras desta Cultura secular, resón de voz e palabra, de música e canción, resistencia, herdo e dignidade. Sendo así, é unha proposta pola poesía oral transmitida en sonoros soportes e pon algo de rigor no ámbito cultural, literario e musical, sempre tan manipulados. Poderían ser moitas persoas máis, perdoade: a Cega de Gondel, a de Miranda, M.^a Blanco, Carme Cancelas de Lanzá; a Cega de Noceda, o de Cazás, a de Arcos de Frades, a de Xirón en Baralla, Gumersinda Manteiga de Visantoña, Xesús Souto de Bascoi, Consuelo Vázquez do Pazo, María e Soledad de Boado, Segunda da Pobra, Liberata Rolán de Castrelo do Val, Consuelo Vigo, M.^a Carro e Faustino de Cumbraos, Clementino de Castroverde, Belarmino Patiño, Aurelia de Triabá, Raimundo e Rico de

1 Mestre xubilado. Recolledor e compilador de música popular e cantautor.